

Autor: **TIM BOWLEY**

Ilustradora: **INÉS VILPI**

Encadernado en cartonné. 22x22 cm.

48 páxinas a toda cor

Dispoñible en:


-Galego: "Xaime e as landras". Demademora. ISBN 978-84-8464-532-0

-Castelán: "Jaime y las bellotas". Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-13-0

-Portugués: "Jaime e as bolotas". Livros para sonhar. ISBN 978-972-8781-50-7

-Inglés: "Jamie planted an acorn". Books for dreaming. ISBN 978-8464-710-2

Prezo: 12 €



## XAIME E AS LANDRAS

**Xaime plantou unha landra, pero...  
antes de que puidese medrar un esquíu desenterrouna e agachouna.  
Xaime plantou unha landra, xermolou e agromou da terra, pero...**

Así comeza unha sucesión de esceas, narradas de xeito áxil, breve e repetitivo. Unha técnica moi recorrente nos contos destinados a primeiros lectores e de grande utilidade para a súa narración oral, coa que se pretende implicar ao público infantil. O mantemento dunha estrutura narrativa convértese nunha regra mnemotécnica esencial para que os nenos saiban como continúa o conto.

Porque Xaime non se dá por vencido cando a súa primeira landra non crece: planta outra pero os animais pisana, rabichan os gromos da que empezaba a nacer; os cativos estragan a planta que xermolara doutra semente, os madeiros talan a árbore que chegara a facerse alta e forte... ata que a enésima landra que plantou Xaime convértese co paso do tempo nun carballo robusto que dá como froito... máis landras.

978-972-8781-50-7 Historia circular, cíclica, que cando remata pode volver a empezar. Como cada carballo que bota raíces tras superar os incalculables avatares que lle poden xurdir -dende que tan só é unha simple landra- tras o conto de Tim Bowley xacen leccións coma a perseverancia. De feito, para acadar os obxectivos que cada persona persegue, téñense que superar moitos obstáculos e non desanimarse ata acadar a meta fixada.

Trátase dunha narración sinxela e tenra, que trata sobre a vida mesma e mailas súas circunstancias... As ilustracións de Inés Vilpi, resultan un complemento ideal, aportando colorido, calidez e sensibilidade.

**TIM BOWLEY** (Londres, 1945)


Contacontos e especialista en historias de tradición popular de todo o mundo. Actuou en numerosos países durante os últimos 20 anos. Colaborou nunha antoloxía de narrativa editada en Reino Unido en 1990. Actuou no Foro das Culturas de Barcelona co espectáculo "Hilando cuentos", coa contadora galega Casilda Regueiro e o camerunés Boniface Ofogo. En

2001 editou a súa propia colección de contos tradicionais, "Semillas al viento: Cuentos del mundo", un libro inglés-español traducido por Casilda Regueiro, coa que formou tándem artístico durante sete anos. É autor do álbum "Amelia quiere un can", publicado tamén por KALANDRAKA.

**INÉS VILPI** (Jaén, 1962)

Foi mestra de educación infantil durante 10 anos nun colexio onde se potenciaba moito a expresión plástica. Deixou o seu labor docente para adicarse de forma plena á arte. Aínda que procede dunha familia afeccionada aos pinceis, a súa formación é totalmente autodidacta. Exerce a ilustración en varias revistas coas que colabora e ten realizado carteis para diversos eventos. Para identificarse no eido artístico transformou o seu apelido Vilchez en Vilpi. "Xaime e as landras" é o primeiro libro infantil no que plasma as

- **Temática:** a natureza e a perseverancia
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos
- **Aspectos destacables:** historia circular, ilustracións de moito colorido, coñecemento do medio, promoción de valores como a tenacidade e o esforzo persoal



súas ilustracións.